

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN O CONTRATO DE SERVIZOS DE ELABORACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE NOIA, POR PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS E TRAMITACIÓN URGENTE.**

**1. OBXECTO E RÉXIME XURÍDICO.**

1.1. O presente prego ten por obxecto a contratación do servizo de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Noia conforme ás características que figuran no prego de prescricións técnicas e de acordo á normativa urbanística aplicable. Segundo o Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea correspóndelle o número de referencia 71410000 Servizos de planificación urbana e de arquitectura paisaxística.

1.2. A prestación axustarase ás condicións que figuran neste prego e no de prescricións técnicas, que forma parte integrante do mesmo.

1.3. Este contrato ten carácter administrativo e rexerese polo establecido neste prego e pola Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (en adiante LCSP) e Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (en adiante RXLCAP) e demais lexislación aplicable.

1.4. A presente contrata adjudicarase por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de acordo ó establecido nos artigos 141 a 145 da LCSP, estará sometido a regulación harmonizada, de acordo ó previsto no artigo 16.b) e o expediente seguirá a tramitación urgente prevista no artigo 96.2. da mesma.

**2. ORZAMENTO, EXISTENCIA DE CRÉDITO, IMPOSTOS E REVISIÓN DE PREZOS.**

2.1. O prezo total do contrato será o seguinte:

- Base imponible: douscentos nove mil trescentos vinte e sete euros con cincuenta e nove céntimos (209.327,59 €).
- Imposto sobre o valor engadido: trinta e tres mil catrocentos noventa e dous euros corenta e un céntimos (33.492,41 €).
- Importe total: dous centos corenta e dous mil oitocentos vinte euros (242.820,00 €).

Este prezo descomponse nos seguintes prezos parciais en función da realización das diferentes fases dos traballos:

Fase dos traballos	Importe base imponible	IVE	Importe total fase
Sinatura do contrato.	41.865,518 €	6.698,482 €	48.564,00 €
Emisión informe previo favorable da Consellería competente en materia de urbanismo.	41.865,518 €	6.698,482 €	48.564,00 €
Aprobación inicial do documento.	41.865,518 €	6.698,482 €	48.564,00 €
Aprobación provisional do documento.	41.865,518 €	6.698,482 €	48.564,00 €
Aprobación definitiva do documento.	41.865,518 €	6.698,482 €	48.564,00 €
<b>Totais</b>	<b>209.327,59 €</b>	<b>33.492,41 €</b>	<b>242.820,00 €</b>

2.2. Para o cobro do importe correspondente á primeira fase dos traballos “Sinatura do contrato”, o contratista deberá presentar previa ou simultaneamente no acto de sinatura do contrato, documento acreditativo de constitución dunha garantía polo importe total do prezo correspondente a esta fase (48.564,00 €), por calquera dos medios previstos no artigo 84 da LCSP e a factura

correspondente a este importe, en cumprimento do establecido no artigo 200.3. da LCSP e 201 do RXLCAP. Esta garantía será devolta ó contratista unha vez presentado o documento para á aprobación inicial e unha vez emitido o informe previo favorable da Consellería competente en materia de urbanismo.

2.3. O importe correspondente a cada unha das restantes fases, farase efectivo unha vez presentados os documentos esixibles en cada unha delas, de acordo ó establecido no prego de prescricións técnicas e normativa aplicable, e unha vez emitido o informe favorable ou os acordos de aprobación relacionados no apartado 1. desta mesma cláusula e previa presentación da factura.

2.4. A aplicación orzamentaria con cargo á cal se imputarán ás obrigas económicas que se derivan do cumprimento deste contrato é a 4320 22709 e financiarase con recursos propios do concello e a subvención finalista concedida pola Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, por Resolución do 9 de xuño do 2008.

2.5. De acordo ó establecido no artigo 94.2. da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a realización do gasto en cada exercizo queda subordinada á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento correspondente.

2.6. A tódolos efectos, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden o IVE e demais tributos que lle sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes, sen perxuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co artigo 75.2 da LCSP e modelo de oferta económica do presente prego .

2.7. O prezo do contrato non poderá ser obxecto de revisión.

### 3.- PRAZO DE EXECUCIÓN.

3.1. O prazo de execución total do contrato fíxase en catro (4) anos, contados desde o día de fomalización do contrato. Antes da finalización deste prazo e por mutuo acordo das partes, poderá prorrogarse o contrato nos termos sinalados no artigo 279 da LCSP.

3.2. Ademais do prazo de execución total do contrato fíxanse os seguintes prazos parciais para a realización das diferentes fases do contrato:

Fase dos traballos	Data máxima
Emisión do informe previo favorable da Consellería competente en materia de urbanismo.	30 de xuño do 2009.
Aprobación inicial do documento.	31 de xaneiro do 2010.
Aprobación provisional do documento.	31 de decembro do 2011.
Aprobación definitiva por parte da Consellería competente en materia de urbanismo.	15 de xaneiro do 2012.

3.3. Para entender cumprido cada un dos anteriores prazos parciais, o contratista deberá ter en conta que a documentación relativa a cada unha das fases deberá ser presentada no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello de Noia, situado na rúa Rosalía de Castro, número 2 (Noia), coa antelación suficiente para que cada unha das administracións públicas implicadas poidan adoptar os seus acordos ou informes, cando menos, nos prazos máximos outorgado para elo recollidos na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e demais lexislación aplicable.

#### 4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

4.1. Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 49 da LCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, de acordo ó establecido na cláusula 6.4.f) e g) deste prego e reúnan os requisitos de titulación e número mínimo de especialistas establecidos no artigo 84.2. da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4.2. No suposto de persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades, poderase ter en conta ás sociedades pertencentes ó grupo, a efectos de acreditación da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, da persoa xurídica dominante, sempre e cando este acredite que ten efectivamente a súa disposición os medios de ditas sociedades necesarios para a execución dos contratos.

4.3. Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ó efecto e de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación á que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato ostentará a plena representación de todos eles fronte á administración e que asumen o compromiso de constituírse en Unión Temporal de Empresas (artigo 24 do RXLCAP). O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

#### 5. CLASIFICACIÓN.

De acordo ó establecido na disposición transitoria quinta da LCSP, non será requisito indispensable para participar na licitación que o contratista obteña previamente a correspondente clasificación.

#### 6. DOCUMENTACIÓN E OFERTAS.

6.1. Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposición, calquera que sexa o número de dependencias onde esta poda ser presentada. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras, se o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. A contravención deste principio dará lugar automaticamente á inadmisión de todas as presentadas por el.

6.2. A presentación de solicitudes de participación presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego e do de prescricións técnicas e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa administración.

6.3. O licitadores presentarán dous sobres: **Sobre A** denominado **Documentación Administrativa**; **Sobre B** denominado **Referencias técnicas** e **Sobre C** denominado **Oferta económica**. Os tres sobres deberán presentarse pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente e no exterior dos mesmos deberá figurar:

- A razón social e denominación do/a licitador.
- Enderezo, número de teléfono e número de fax do/a licitador.
- Identificación do sobre, é dicir, **Sobre A**, **B** ou **C**, coa súa denominación, isto é, **Documentación administrativa**, **Referencias técnicas** ou **Oferta económica**,

respectivamente.

- O título do procedemento, é dicir, “**Procedemento aberto convocado polo Concello de Noia para a adxudicación do contrato de servizos de elaboración dun plan xeral de ordenación municipal**”.

**6.4. Sobre A:** En dito sobre deberán incluírse obrigatoriamente os seguintes documentos orixinais ou copia debidamente compulsada:

- a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas acreditarase mediante escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos o acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A Capacidade de obrar das empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior acreditarase mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. Asemade deberán xustificar, mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma sustancialmente análoga e presentar documento acreditativo de que a Empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que está inscrita no Rexistro Mercantil (artigo 44.2 LCSP).

No suposto de concorrer un empresario individual acompañará o Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, a escritura de apoderamento debidamente legalizada.

- b) Código de Identificación Fiscal.
- c) Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 49 da LCSP, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado (artigo 62 LCSP).

Esta declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, a da Comunidade Autónoma de Galicia e a do Concello de Noia, e coa Seguridade Social impostas, ou ben acreditarse mediante as certificacións administrativas correspondentes. No primeiro caso, os licitadores terán en conta que de resultar adxudicatarios, os devanditos certificados expedidos polo órgano competente deberán presentarse no prazo máximo de dez (10) días hábiles contados desde a publicación no perfil do contratante do Concello de Noia da

adxudicación provisoria.

- d) Poder bastante ó efecto a favor da persoa que compareza ou asine proposicións en nome de outro. Se o licitador fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición en Rexistro Mercantil, de acordo co artigo 94.1.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil. O bastanteo deberá realizarse pola secretaría do Concello de Noia ou funcionario habilitado, en horario de nove (9) a catorce (14) horas de luns a venres.
- e) Documento nacional de identidade do apoderado ou apoderados.
- f) Os que xustifiquen os requisitos de solvencia económica e financeira, mediante declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- g) Os que xustifiquen os requisitos de solvencia técnica ou profesional, mediante unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa o importe, as datas e ou destinatario, público ou privado, deles. Acreditadarase mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste.
- h) Compromiso asinado polo licitador, ou persoa que o represente, de ter como Director do plan, a un especialista con titulación universitaria de 2º ou 3º ciclo, responsable da dirección do equipo redactor durante o tempo de redacción do plan. A experiencia do Director do plan en proxectos de natureza análoga nos que participase acreditarase aportando a tal efecto certificación detallada na que se exprese:
  - Certificación dos traballos de urbanismo realizados e aprobados definitivamente, tanto a nivel individual como en equipo, diferenciando:
    - ◆ Figuras de planeamento xeral (plan xeral de ordenación, proxecto de ordenación do medio rural, normas subsidiarias, delimitacións de solo urbano).
    - ◆ Traballos de planeamento de desenvolvemento (plans parciais, plans de sectorización, plans especiais).
  - Traballos de urbanismo en realización no intre da licitación.
  - Outros traballos de urbanismo realizados: figuras non aprobadas definitivamente, outro tipo de figuras, etc.

Esta certificación deberá ser expedida por algún dos seguintes organismos:

- A administración contratante.
- A administración competente para a aprobación do plan ou figura declarada.
- O colexio oficial correspondente.

Non se terá en conta, aínda que estea correctamente acreditada, naqueles casos en que o planeamento redactado fose anulado por sentenza xudicial firme ou suspendido pola administración competente.

- i) Compromiso asinado polo licitador, ou persoa que o represente, de que, de conformidade có disposto no artigo 84 da Lei 9/2002, a redacción do plan será realizada por un equipo multidisciplinar formado por un mínimo de tres especialistas con titulación universitaria de 2º ou 3º ciclos, dos que como mínimo, un deles terá que ser arquitecto ou enxeñeiro de camiños, canais e portos. Adxuntarase compromiso expreso de adicación dos membros do equipo á realización dos traballos obxecto de licitación e curriculum detallado cos datos persoais, académicos e profesionais de cada un deles con especial referencia ós extremos indicados no apartado h) anterior.

A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais relacionados nos apartados h) e i) anteriores, segundo criterio da Mesa de Contratación, terá carácter excluínte, e o incumprimento destes compromisos de adscrición considerarase incumprimento de obriga esencial de acordo ó disposto no artigo 206. g) da LCSP. Non obstante, o órgano de Contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 14.2. do presente prego.

- j) No caso de que o licitador prevea a subcontratación con terceiros de parte dos traballos, indícarase o nome daqueles, referencias e porcentaxes desta/s subcontrata/s sobre o orzamento total (artigo 210 LCSP).
- k) As unións temporais de empresas deberán indicar os nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de se constituír formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 24.2 do RXLCAP.
- l) No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o artigo 129 da LCSP e o artigo 86 do RXLCAP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, e constará este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.
- m) As empresas estranxeiras achegarán unha declaración expresa de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois en calquera orde, para tódalas incidencias que de xeito directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ó licitante (artigo 130.1.d. LCSP).
- n) Unha relación de tódolos documentos incluídos neste sobre.

**6.5.** Aínda que no presente contrato non é necesaria a acreditación de estar en posesión de clasificación, de ser así e caso de presentarse o documento xustificativo da mesma, acreditarase con elo a solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixible para participar no procedemento. A clasificación acreditarase mediante certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda ou do órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia acompañada dunha declaración responsable, asinada polo solicitante ou persoa que o represente, na que manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación (artigo 130.3. da LCSP).

**6.6.** Os licitadores que estén inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o artigo 303 da LCSP e a declaración antes referenciada prevista no artigo 130.3. da LCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida

solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

**6.7.** As empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Excm. Deputación Provincial da Coruña, do Rexistro de contratos e do Rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados na cláusula 4.5. apartados a), b), c) agás no referente ó cumprimento das obrigas tributarias coa facenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a do Concello de Noia, d), e), e m) sempre que os citados documentos estén vixentes. Para estes efectos acompañarase o informe do Rexistro de inscrición coa indicación do número co que está inscrita a dita empresa no Rexistro.

**6.8. Referencias técnicas, Sobre B:** Conterá os seguintes documentos acreditativos dos criterios de selección, comprendendo:

- a) Memoria descritiva da metodoloxía a empregar no desenvolvemento do traballo, xustificando a súa adecuación ós obxectivos que se pretende conquistar co planeamento proposto e á política de actuación urbanística planteada para a súa consecución; dos métodos de información e diagnose territorial; a idoneidade dos sistemas de produción de textos, cadros, bases de datos e planos; a proposta metodolóxica a respecto da información ó público e a relación con outras institucións ou organismos. Para estes efectos os licitadores poderán presentar exemplos ou mostras do método que se propón.

No caso de que se prevea a colaboración doutros profesionais ou empresas especializadas, deberáse acompañar unha relación daqueles, indicando o nome, título, especialidade e experiencia. Neste caso será necesario presentar un compromiso escrito de colaboración dos interesados, e unha relación expresa da/s parte/s do traballo na/s que colaborarán.

- b) Relación asinada polo licitador ou representante, dos proxectos de natureza análoga nos que estea a participar cada un dos membros do equipo no momento da licitación.
- c) Xustificación do número de traballadores minusválidos que o licitador teña no seu cadro de persoal.

**6.9. Oferta económica, Sobre C:** Conterá a oferta económica redactada conforme ó modelo que se insire a continuación:

“Don/Dona ..... con DNI número ..... natural de ..... provincia de ..... maior de idade e con domicilio en ..... rúa ..... teléfono..... actuando en nome .....(propio ou da empresa á que represente), manifesta que, enterado do procedemento convocado polo Concello de Noia para a contratación do servizo de redacción dun plan xeral de ordenación municipal, conforme con tódolos requisitos e condicións que se esixen no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen dito procedemento, e na representación que ostenta comprométese á realización do servizo obxecto de licitación, por un prezo total sen IVE de ..... (en número e letra), que se fraccionará do seguinte xeito:

Fase dos traballos	Importe sen IVE	IVE	Importe con IVE
Sinatura do contrato.			
Emisión informe previo favorable da Consellería			

competente en materia de urbanismo.			
Aprobación inicial do documento.			
Aprobación provisional do documento.			
Aprobación definitiva do documento.			
TOTAL			

Lugar, data e sinatura”

## 7. GARANTÍA PROVISORIA.

Non se esixe a constitución de garantía provisoria de acordo co 91 da LCSP.

## 8. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

**8.1.** Tódalas persoas naturais ou xurídicas que cumpran os requisitos relacionados na cláusula 4. podrán presentar proposición para tomar parte neste procedemento durante o prazo de corenta (40) días naturais, contados desde o envío do anuncio do contrato á Comisión Europea para a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea, de acordo ó establecido nos artigos 126 e 143.1. da LCSP.

As solicitudes, coa documentación que se indica nos seguintes apartados, deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Noia ubicado na rúa Rosalía de Castro, nº 2, 15200, Noia, en horario de nove (9,00) a catorce (14,00) horas de luns a venres e de dez a trece horas os sábados.

O anuncio de licitación tamén será publicado no perfil do contratante, na dirección de internet <http://www.noia.es>, de conformidade co disposto no artigo 42 da LCSP e tamén no Boletín Oficial do Estado por aplicación do artigo 126 da mesma lei. Asemade na dirección de internet sinalada podrá accederse ó prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta contratación.

**8.2.** Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concurrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo. Transcorridos, non obstante, dez (10) días naturais, seguintes á data indicada, sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

## 9. A MESA DE CONTRATACIÓN.

**9.1.** A mesa de contratación estará integrada polos seguintes membros:

- **Presidente:** Don Xosé Bernaldo Castro Campos, Concelleiro delegado de urbanismo do Concello de Noia.
- **Vogais:**
  1. D. Torcuato Gómez Gómez, arquitecto técnico.
  2. Un/ha Técnico superior nomeado pola Dirección Xeral de Urbanismo da CPTOPV.
  3. Dona María López Docampo, interventora do Concello de Noia.
  4. Dona Ana María Ares Álvarez, secretaria do Concello de Noia.
- **Secretario/a:** Un/ha funcionario/a da Corporación, con voz pero sen voto.

**9.2.** En todo caso, a avaliación dos criterios de adxudicación que non sexan de aplicación automática mediante fórmulas senón que dependan dun xuízo de valor, corresponderalle ó comité de expertos que será nomeado polo órgano de contratación, e que contará como mínimo con tres membros.

## **10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

A adxudicación do contrato realizarase en función dos seguintes criterios, relacionados por orden decrecente:

- a) Memoria metodolóxica: Valorarase a metodoloxía a empregar no desenvolvemento do traballo en función da súa adecuación ós obxectivos que se pretende conquistar co planeamento proposto e á política de actuación urbanística planteada para a súa consecución. Por tal motivo, valorarase, en primeiro lugar, a axeitada formulación do traballo en atención á concreta realidade territorial e social do Concello de Noia, e, en segundo lugar, a adecuación dos métodos de información e diagnose territorial, dos sistemas de produción de textos, cadros, bases de datos e planos e da proposta metodolóxica con respecto á información ó público e a relación con outras institucións ou organismos. Neste apartado poderase obter unha puntuación máxima de 50 puntos.
- b) Capacidade de adicación ó traballo obxecto de licitación: Valorarase a disponibilidad para o traballo dos membros do equipo proposto, tendo presente a posible existencia doutros traballos simultáneos, cunha puntuación máxima de 30 puntos.
- c) Oferta económica no seu importe global. Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan. Neste apartado poderase obter unha puntuación máxima de 20 puntos, e calcularase aplicando a seguinte fórmula:  
  
$$(\% \text{ de baixa da oferta } X \text{ puntuación máxima}) / (\% \text{ de baixa da oferta máis económica}).$$
- d) No suposto de dous ou máis licitadores empaten nas súas proposicións, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores minusválidos (non inferior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 6ª da LCSP.

## **11. EXAMEN DAS PROPOSICIÓNS.**

**11.1.** Rematado o prazo de presentación das proposicións, a mesa de contratación cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma contidos no sobre A. Ós efectos da expresada cualificación, o presidente ordenará a apertura do sobre A e o secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles. Se a mesa observase defectos materiais na documentación presentada comunicarao por fax ós interesados, ademais farase público a través dun anuncio que se colocará no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e concederá un prazo non superior a tres (3) días hábiles para que o licitador emende o erro.

A mesa, unha vez cualificada a documentación administrativa e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, pronunciarase expresamente sobre os solicitantes admitidos, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

O órgano de contratación e a mesa de contratación poderán recadar do empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou requirirille para a presentación de outros complementarios, o que deberá cumprimentar no prazo de tres (3) días hábiles sen que poidan presentarse despois de declaradas admitidas as ofertas conforme ó disposto no artigo 83.6 do RXLCAP.

**11.2.** En segundo lugar a Mesa de Contratación procederá á apertura dos sobres B, ós efectos de valorar os criterios de selección relacionados na cláusula 10., poidendo solicitar cantos informes técnicos considere pertinentes. En todo caso, a avaliación dos criterios de adxudicación que non sexan de aplicación automática mediante fórmulas senón que dependan dun xuízo de valor, corresponderalle ó comité de expertos que será nomeado polo órgano de contratación, e que contará como mínimo con tres membros.

**11.3.** En terceiro lugar, a Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura das ofertas económicas incluídas no sobre C. Este acto celebrarase no lugar e día que se sinale no taboleiro anuncios da Casa Consistorial con alomenos vinte catro horas de antelación.

O presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados no sobre A, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas, e no sobre B con indicación da puntuación obtida nesa primeira fase.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas excluíranse do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non se poderán abrir.

Antes da apertura da primeira oferta económica convidarase ós licitadores interesados para que manifesten as dúbidas que se lles presenten ou pidan as explicacións que consideren necesarias, a Mesa aclaraas e contestaraas, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións a que se refire o artigo 81.2 do RXLCAP.

Se algunha proposición económica non garda concordancia coa documentación examinada e admitida, excede do orzamento base de licitación, varía substancialmente o modelo establecido, comporta erro manifesto no importe da proposición, ou existe recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, a Mesa a rechazará motivadamente.

**11.4.** Por último, a Mesa de Contratación valorará as ofertas económicas e formulará a proposta de adxudicación ó órgano de contratación.

**11.5.** A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

**11.6.** A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente faculta ó órgano de contratación para que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas en LCSP.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, poderase esixir dito importe mediante o procedemento de constrinximento, así como para a indemnización por danos e perdas.

## **12. ADXUDICACIÓN PROVISORIA E DEFINITIVA.**

**12.1.** A adxudicación provisoria acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada que se notificará aos licitadores e publicarase no perfil do contratante do Concello de Noia, e se os interesados o solicitan facilitaráselles información sobre os motivos do rechazo da súa proposición e das características da proposición do axudicatario que fosen determinantes da adxudicación ó seu favor, nun prazo de cinco (5) días hábiles desde a recepción da petición en tal sentido.

**12.2.** A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran dez (10) días hábiles contados desde aquel en que se publique no perfil do contratante do Concello de Noia a adxudicación provisoria.

Durante este prazo de dez días hábiles, o adxudicatario provisoria deberá:

- a) Presentar os certificados xustificativos de estar ó corrente coa facenda estatal, a da Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Noia, así como, coas obrigas da Seguridade Social.
- b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o artigo 84 da LCSP.

**12.3.** No prazo dos cinco (5) días hábiles seguintes a aquel no que expire o prazo anterior e sempre que o adxudicatario presentase a documentación que se indica e constituída a garantía definitiva, efectuarase a adxudicación definitiva que será notificada ós licitadores. Se os interesados o solicitan facilitaráselles información sobre os motivos do rechazo da súa proposición e das características da proposición do axudicatario que fosen determinantes da adxudicación ó seu favor, nun prazo de quince (15) días naturais desde a recepción da petición en tal sentido. Asemade a adxudicación definitiva será publicada no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado e no perfil do contratante.

## **13. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

**13.1.** O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo dos cinco (5) días hábiles contados desde o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva. Previa ou simultaneamente, no acto de sinatura do contrato, o contratista deberá presentar documento acreditativo de constitución, por calquera dos medios previstos no artigo 84 da LCSP, dunha garantía polo importe total do prezo correspondente á 1ª fase dos traballos denominada "Sinatura do contrato" e que ascende a un total de 48.564,00 €, así como a factura correspondente a este importe, en cumprimento do establecido no artigo 200.3. da LCSP e 201 do RXLCAP e ó previsto na cláusula 2.2. deste prego.

**13.2.** No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato, e NIF asignado á agrupación.

**13.3.** As proposicións presentadas, tanto as declaradas admitidas como as rexeitadas sen abrir ou as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no seu expediente. Adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se puxeran, a documentación administrativa, incluída no Sobre A, que acompaña ás proposicións quedará a disposición dos interesados.

#### **14. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.**

**14.1.** O adxudicatario está obrigado ó cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo.

**14.2.** O adxudicatario queda obrigado ó cumprimento do prazo de execución do contrato e dos prazos parciais fixados no presente prego e na lexislación de aplicación. Se chegado o remate de calquera dos prazos citados, o contratista incorrera en mora por causas imputables ó mesmo, o concello poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas. Estas últimas terán a contía determinada no artigo 196 da LCSP.

A perda da garantía ou dos importes das penalidades, non exclúen a indemnización por danos e prexuízos a que poida ter dereito o concello, orixinados pola demora do contratista.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá interpelación ou intimación previa por parte do Concello.

**14.3.** O adxudicatario estará obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en xornais oficiais e medios de comunicación por un importe máximo de mil euros (1.000,00 €), así como os derivados da formalización do contrato e cantos outros estén legalmente establecidos sobre estas materias.

**14.4.** O contratista responderá da custodia e conservación dos traballos encargados, non permitíndose a entrega de información a terceiras persoas senón é coa expresa autorización do órgano de contratación.

**14.5.** En todo caso o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información a que teña acceso con ocasión da execución do contrato que pola súa natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento da información.

**14.6.** O adxudicatario estará obrigado a asignar para a execución dos traballos a que se refire o presente prego, ó persoal cujos nomes figuren na súa oferta, coa dedicación definida na mesma. Polo tanto o adxudicatario non poderá substituír ó persoal que figure na oferta sen a expresa autorización do órgano de contratación. O incumprimento desta obriga de adscrición considerárase incumprimento de obriga esencial de acordo ó disposto no artigo 206.g) da LCSP. Non obstante, o órgano de Contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 14.2. do presente prego.

**14.7.** Se durante o desenvolvemento do traballo, se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación, actuarase na forma prevista no artigo 202 da LCSP. Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o contratista queda obrigado á actualización do calendario de traballos e reaxuste da garantía definitiva si implica variación no prezo.

**14.8.** No caso de producirse unha suspensión do contrato, estarase ó estipulado no artigo 203 da LCSP e normas de desenvolvemento. Se a administración acordara unha suspensión dos traballos, levantarase a correspondente acta de suspensión.

#### **15. EXECUCIÓN DOS TRABALLOS.**

**15.1.** Faise constar expresamente que o contrato non inclúe a formulación do documento de avance do plan previsto no artigo 84.3. da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**15.2.** O contrato executarase con suxeición ás cláusulas do mesmo e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dera ó contratista o concello.

**15.3.** A data do comezo dos traballos será a do seguinte ó de formalización do contrato. O prazo de execución e os prazos parciais entenderanse referidos á data de comezo dos traballos.

**15.4.** O prazo de execución total do contrato fíxase en catro (4) anos, contados desde o día de formalización do contrato. Antes da finalización deste prazo e por mutuo acordo das partes, poderá prorrogarse o contrato nos termos sinalados no artigo 279 da LCSP.

**15.5.** Durante o período ou períodos de exposición ó público o contratista queda obrigado a que unha ou varias persoas membros do equipo encargado da realización dos traballos se desprace ó Concello de Noia ós efectos de atender as consultas que calquera interesado poida realizar sobre o documento exposto. Esta atención realizarase nas oficinas habilitadas para elo polo Concello de Noia en horario de 10,00 a 14,00 horas, de luns a venres.

**15.6.** O contratista queda obrigado a informar de xeito individualizado cada unha das alegacións ou suxestións presentadas durante o período ou períodos de información ó público. Os informes deberán ser elaborados e asinados por algún membro do equipo encargado da execución dos traballos.

**15.7.** A execución do contrato realizarase polo contratista coas responsabilidades e consecuencias establecidas nos artigos 281 e 283 da LCSP.

**15.8.** O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista axústase ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, dispoñendo para tal fin das prerrogativas establecidas no artigo 283 da LCSP.

## **16. RECEPCIÓN DOS TRABALLOS E PRAZO DE GARANTÍA.**

Rematados os diferentes traballos e outorgada a aprobación definitiva pola Consellería competente, levantarase a acta de recepción final e comenza a prazo de garantía que será dun ano, todo elo conforme ó disposto no artigo 205 e 283 da LCSP.

## **17. DEREITO DE PROPIEDAD.**

A recepción por parte do Concello de Noia dos traballos comportará a cesión a este do dereito de propiedade intelectual sobre os mesmos con tódolos seus documentos e anexos, non poidendo ser reproducidos nin total nin parcialmente sen expresa autorización do mesmo.

## **18. RESOLUCIÓN DO CONTRATO.**

Serán causas de resolución do contrato, a maiores das establecidas nos artigos 206 e 284 da LCSP, a seguinte:

- a) O incumprimento da obriga de adscribir á execución do contrato o persoal ós que se comprometeu na súa proposición, ó ser considerada como obriga esencial de acordo ó disposto no artigo 206. g) da LCSP. Non obstante, o órgano de Contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 14.2. do presente prego.

Os efectos da resolución serán os previstos nos artigos 208 e 285 da LCSP e 109 a 113 do RXLCAP.

## **19. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E XURISDICCIÓN.**

**19.1.** O órgano de contratación ostenta as prerrogativas de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificar, por razóns de interese público, os contratos e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.

Os acordos que dicte o órgano de contratación, previo informe da asesoría xurídica, no exercizo das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución serán inmediatamente executivos.

**19.2.** As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de contratación competente. Tales acordos poñerán fin á vía administrativa e contra os mesmos poderase interpoñer, ante o mesmo órgano que dictou o acto, o recurso potestativo de reposición, previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó de recepción da notificación do acordo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**19.3.** Ademais, ó tratarse dun contrato de servizos sometido a regulación harmonizada de acordo ó establecido no artigo 16.1.b) da LCSP, podrán ser obxecto do recurso especial en materia de contratación, regulado no artigo 37 da LCSP, os acordos de adxudicación provisoria, os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen este contrato e os actos de trámite si deciden, directa ou indirectamente, sobre a adxudicación, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento ou producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos.

Noia, 30 de setembro do 2008.  
O Alcalde,

Asdo. Rafael García Guerrero.